

SAUDA DO ALCALDE

“Hai 50 anos o Ateneo do Ullán organizaba nas Torres de Oeste unha romaría, entre amigos, para recordar as invasións viquingas acaecidas séculos atrás. Grazas ó esforzo dos veciños e veciñas de Catoira, aquela xuntanza informal é hoxe unha festa declarada de Interese Turístico Internacional.

O Concello asumiu a organización deste evento a finais dos anos 80, e como alcalde, tiveron o privilexio e o enorme gusto de ver como, ano tras ano, esta festa ía medrando, converténdose nun referente dentro e fóra das nosas fronteiras.

Fomos capaces de darlle a volta á historia. Como dixo Cunqueiro, borramos días sombríos da nosa memoria e convertémolos nunha grande festa, e agora convidamos e recibimos cos brazos abertos ós normandos para que se unan a esta celebración.

É unha festa diferente, onde a diversión está garantida, pero tamén apostamos pola formación e a cultura no deseño do programa de actividades.

Aproveito para darlles a benvida a todas aquelas persoas que nos visitan, especialmente ós nosos irmáns de Frederikssund, e transmitir o meu agradecemento a todos aqueles que nos comprenden, axudan e apoian para seguir adiante outros cincuenta anos.”

ALBERTO GARCÍA GARCÍA
Alcalde de Catoira

HENDRIK O CRUEL

AUTOR- Xurxo Ferreirós

DIRECCIÓN- Fátima Rey

ESCENOGRAFÍA- Concello de Catoira

VESTUARIO E ATREZZO- Bety Busto

GRABACIÓN DAS VOCES- Xabier Olite

MÚSICA- Juan Ramos

PRODUCCIÓN, MONTAXE, ILUMINACIÓN E SON-

PERRUQUERÍA- Vinkibela (Jésica Calvo)

PERSONAXES:

INGRID- Marisol Loureiro
PARTEIRA- Puri Quintas
HROTGHAR- Manuel Carballeda
BISPO SISNANDO- Milo Miguéns
DON GONZALO- Dani Touriño
ALCAIDE- Juan Correa
SOLDADO 1- Mauricio Loureiro
SOLDADO 2- Gerardo Loureiro
LABREGA 1- Sonia Romero
LABREGA 2- Laura Fernández
LABREGA 3- Ana Calvo
OLAF- Totonno Correa
LARS NENO- Ramón Iglesias
SIGURD NENO- Iker Losada
HARALD NENO- Hugo Losada
CARNICEIRO- Fernando Conde
PEIXEIRA 1- Puri Quintas
PEIXEIRA 2- Marisol Loureiro
TECEDORA- Pilar Lorenzo
RAPAZA- Natalia Loureiro
ELVIRA NENA- Nerea Loureiro

ENRIQUE NENO- Rubén Villanustre
SIMÓN- Manuel Cordo
MISIONEIRA- Marina Franco
AIA MARCELA- Marita Conde
REY SANCHO- Miguel Arriaga
BISPO ROSENDO- Ramón Conde
COMERCIANTE XOIAS- Mª Luisa Grela
CAMPESIÑO ASUSTADO- José Luís García
VOZ EN OFF- Marido Marita
HENDRIK- Abraham Lorenzo
SVEN- Víctor Lafuente
SIGURD- Roi Iglesias
MENSAXEIRA- Pilar Prado
HARALD- Ismael Sobrino
ULRIK- Roi Carballeda
FRÓDI- Ramón Carballeda
NENA VIKINGA- Natalia Guillán
VELLA- Martina Vicente
ELVIRA- Carla Villanustre
ASTRID- Sonia Romero
REY CANUTO- Laura Fernández

EXTRAS:

Xaxa Rial
Begoña Conde
Ana Touriño
Cristina Longo
Lara Lorenzo
Lois Lorenzo
Laura Lorenzo
Antía Sobrino
Rita Nogueira
Julietta Ruibal
Gonzalo Ruibal
Santi Ruibal
Nicolás Rey
Nicolás Asende
Juan Manteiga
Belén Costa
Silvia Conde
Ángel Lafuente

Elena Rodríguez
Sara Rodríguez
Marta Coira
Laura Bandín
David García
Rocio Loureiro
Sergio González
Samuel Sabaris
Xaime Rodríguez
Sara Rodríguez
Ramón Iglesias
José Mª González
Nerea Lorenzo
Ana Caamaño
Gloria Caamaño
Alba Bouzáon
Noelia Carballeda

Os normandos do río

ÁLVARO CUNQUEIRO

Fai mil anos que chegaban, depredadores, os normandos ás costas galegas e a outras de España, Sarkland, terra de sarracenos. Quen os mandaban, Olaf ou Sidgurd, levaban con eles poetas que cantaban as súas fazañas. Estes poetas, os escaldos, tiñan unha linguaxe metafórica moi propia. Para cantar que un guerreiro morrera na batalla -á batalla chamábanlle a asemblea das espadas-, dicían que arrobara o pico do voitre ou do corvo. Consérvanse aínda pedras que o din: “Gunnar Gunnarson arroibou o pico do corvo en Jacobusland”. Ou en Sicilia ou en Constantinopla, o gran castelo. Chegaban ás costas galegas e remontaban coas súas barcas os ríos, o Ulla, por exemplo. E roubaban, e queimaban, facían cativos e ás veces invernanaban. Hai na Edda de Snorri Sturluson unha paisaxe na que un escaldo cóntanos que o seu Rei pasou todo o inverno en Galicia ocupado en cousas santas e en reducir ao conde que gobernaba en Galicia, que non lle daba suficientes víveres para os seus homes. Como xa aquel Rei de Noruega era cristián, supoño que as cousas santas consistirían en facer visita ao apóstolo que está en Compostela. Outras non se me ocorren. Pasada a invernia, chegou o maio, os normandos ou regresaban á casa co botín, ou seguían viaxe cara ao Sur, onde entraban no Tajo ou no Guadalquivir. Tamén se sabe que o normando en Galicia dedicábase á caza, e que un dos seus bocados favoritos era o teixo, o teixido ou porco teixo, que dicimos os galegos. En fin, era xente cruel, deixaban o país arrasado, e as xentes nas igrexas rezaban para que Deus as librase do furor dos normandos: “A furore normannorum libera nos Dómine”. E ás veces, Deus escoitaba. Como cando o meu bispo San Gonzalo, desde un outeiro das Mariñas de Lugo, rezando Avemaría, afundi unha flota normanda. Cada Avemaría que decía, nave normanda que se afundía na violenta barra de Foz. Outro santo bispo, Rosendo, derrotou aos normandos que se ían cargados cun enorme botín, na beira mesma do Ulla. Estes bispos eran soñadores nun século de ferro. Parece que fose necesaria a santidad para derrotar ao viquingo. Quizá siga sendo necesaria a santidad para derrotar ao dragón, Jorge á vista, ou para destruír calquera forma de terror.

En fin, pasaron mil anos. Alguén cre que nos noruegueses e nos islandeses de hoxe hai algunhas pingas de sangue galego, levada alí polas cativas nas incursións normandas. É posible. A ribeira galega quedou en paz. Os normandos foran unha das probas terríficas do Milenio. Agora, o galego volvíu ás súas viñas e aos seus nabais, aos seus castiñeiros e ás súas vacas, e xa non temía que unha destas parise o touro vermello que co seu alento poría lume ao mundo enteiro. Borges conta que un monxe irlandés que estaba, unha noite horrible de tempestade, na biblioteca do seu mosteiro copiando un texto bíblico, daba grazas a deus por aquela gran tormenta, na que os ventos parecían prestos a derrubar os muros da casa e o mar a penetrarse na terra con ondas inusitadas; grazas a deus porque por aquela tormenta, o viquingo non estaría no mar e non aparecería ao amencer co seu ferro hostil... E pasados os mil anos das depredacións normandas, a alguén se lle ocorreu o celebrar unha romaría viquinga no río Ulla. Cando vostedes lean esta liña estarán remontando o río as naves dos homes do Norte, e preto das torres do Oeste -quizá torres de Augusto, memoria do romano- estarán as hostes galegas que os derrotarán. E logo da batalla, normandos -é dicir, galegos disfrazados de normandos- e galegos abrazaranse e poranse a comer e beber. Que é o propio das romarías galegas, e a cantar. A min esta romaría paréceme moi ben, e creo que os meus paisanos que a organizan debían traer a ela, invitados, a islandeses e noruegueses. Fai poucos anos eu pasei por Catoira á tardiña do día da romaría viquinga, e pola estrada ían dous viquingos bébedos cantando un alalá... Moita historia de Europa, e trágica historia, esta hoxe reducida a estampa festival, a representación teatral e á galega, a romaría. Fai poucos anos que uns mariños dun porto da Normandía francesa alá polo século XIV derrotaran ás naves inglesas de Sándwich, asaltando o porto e comidos todos os arenques das andrómenas da salgadura foron nas súas embarcacións a facer unha visita cordial aos veciños de outrora. Houbo festa. Os normandos, agora, xa non violaban; quizá se iniciou algún noivado e despois houbo voda. Creo que fai un par de anos que se estreou unha película titulado algo así como “As pequenas inglesas espéranvos”. As inglesíñas esperaban aos escolares franceses. Quizá a quen se lle ocorreu o título pasóuselle pola imaxinación a estampa coa furia das invasións de outrora.

Quizá todo isto debese ser coñecido polos que cren que atan e desatan ao seu pracer os ventos da Historia e que constrúen, coas súas guerras e as súas “solucións” de exterminio, situacións pouco menos que de eternidade. Unha voda real cambiou máis veces o curso da Historia que o sangue derramado de toda unha xeración.

Por todo isto, a min gústame que se celebre en Catoira, sobre o Ulla, a romaría viquinga, un soleado domingo de agosto. Quere isto dicir que da memoria galega borráronse días sombríos, e a palabra normando, os latimani brutais de outrora, xa non significa nada para o galego de hoxe. Nada de tráxico ou de horroroso, nome dunha besta atroz que devoraba todos os veráns a doce Galicia. Xa non teño inconveniente ningún en sentarme na fresca herba ao pé das torres do Oeste, e comer co rei dos viquingos -os escaldos á man do rei chamábanlle o país dos aneis de ouro- unha empanada de xoubas. Aínda que algunhas partes de Galicia o carezan e cómeno -e eu probeino-, xa non se leva en Galicia o de asar o teixo que anda nocturno nos milleirais e matinal nos patacais. A graxa do teixo crucial na cosmética do viquingo, mantén tesos os espesos bigotes dos guerreiros normandos, ben máis nobres que os calenianos.

PROGRAMA

III Curso de Dirección de Banda Romaría Vikinga

Do 17 ó 20 de xullo | Escola de Música Municipal

Concerto de Clausura

Venres 20 de xullo | 20,00 h. | Auditorio Edificio “Felipe Aragunde”

Curso:

Formación de Promotores da Saúde Física e Psicolóxica

Universidade de Vigo | Concello de Catoira

Do 26 de xullo ó 2 de agosto | 9,00 – 14,30 h.

Edificio Multiusos

IX Rapa das Bestas do Xiabre

Único curro de Galicia con gradas naturais

Sábado 28 de xullo

08,30 h. Saída ó Monte Xiabre e encontró das bestas ata o peche das bustarengas

22,00 h. Degustación de poldro na Carballeira de San Cibrán e verbena popular

Domingo, 29 de xullo

09,00 h. Rapa das bestas no Monte Xiabre

12,30 h. Baixada das bestas ó curro de San Cibrán

14,00 h. Xantar campestre

16,30 Rapa e monta salvaxe das bestas no curro de San Cibrán

Foliada durante toda a xornada

Organiza: A.C. Cabalar do Xiabre

Concerto da Banda de Música de Catoira

Domingo, 29 de xullo | 21,30 h. | Praza da Rúa da Estación

(en caso de chuvia no Edificio Felipe Aragunde)

Exposición: Xavier Magalhaes

Do 15 de xullo ó 15 de agosto

Sala de exposicións do Edificio Multiusos

Teatro Infantil

Recinto das Torres de Oeste | 20,30 h.

Martes, 31 de xullo: O país de Halloween

Mércores, 1 de agosto: ¡Canto Amor!

Xoves, 2 de agosto: Funeral de morte

Teatro: Hendrik O Cruel

Do 30 de xullo ó 3 de agosto | 22,00 h.

Recinto das Torres de Oeste

SINOPSE

***O xefe vikingo Hrotghar decide invadir as terras de Catoira en plena reconstrución das Torres do Oeste. Chega coas súas tropas nun momento de loitas de poder, levando consigo a un neno valente coma prisioneiro: Henrique, o namorado da nobre Elvira.*

Dez anos despois da primeira incursión, Henrique xa se converteu en Henrik, fillo adoptivo do cruel e sanguinario Hrotghar, e non é mais ca unha sombra do neno doce e pillabán que tiña sido. Cando Hrotghar decide atacar de novo Catoira, Hendrik, espada por diante, voltará á súa terra, azoutada aínda polas loitas de poder. Mais, Henrik toparase cunha muller que lle arrincaré o único que o facía humano e que el mesmo non lembraba que tiña.

Amor, loitas, traición, supervivencia... Hendrik o Cruel é a firme sentenza que nos lembra que ninguén escapa as poutas do Destino.

Presentación do Libro: Catoira Panorámica

de Teófilo Edicións

Xoves, 2 de agosto | 21,30 h. | Recinto das Torres de Oeste

Regata de Piragüismo

Venres, 3 de agosto | 17,00 h. | Praia Fluvial

Organiza: Club de Piragüismo As Torres-Romaría Vikinga

Pregón e presentación do libro

Assur: O peregrino que voltou do xeo

Unha epopea viquinga na Reconquista.

Obra orixinal de Francisco Narla

Editorial Temas de Hoy

Pregón: a cargo de Francisco Narla

Venres, 3 de agosto | 21,30 h. | Recinto das Torres de Oeste

Pintura in vivo:

Noite de cores e son / Xavier Magalhaes

Venres, 3 de agosto | 00,00 h. | Recinto das Torres de Oeste

Noite de luz e fraternidade

Sábado, 4 de agosto | Recinto das Torres de Oeste

22,00 h. Cea Vikinga (Venda de tickets na Biblioteca Municipal)

00,00 h. Comitiva de fachos, dramatización do conxuro e degustación de queimada e animación a cargo de ARCA Espectáculos

VIKINSONS

Sábado 4 de agosto | 00,00 h. | Explanada da Praia Fluvial
Músculo / La llave / Discoteca Móbil / The Ramblin' Rose

52 Romaría Vikinga

Domingo 5 de agosto

10,00 h. Pasarrúas de grupos folclóricos da Praza do Concello ata as Torres de Oeste.

Mexilonada e viño tinto do Ulla, mercado medieval, ludoteca medieval e animación a cargo de ARCA Espectáculos.

12,00 h. Actuación de Troula Animación nas Torres de Oeste

13,00 h. Dramatización do desembarco vikingo e defensa das Torres de Oeste

13,45 h. Actuación de Troula Animación nas Torres de Oeste

14,00 h. Xantar campestre

18,00 h. Festa infantil. Alameda do Concello



CONCELLO DE CATORIA